

CURSOS TEMPADA 2018-2019

CINEMA

DISIDENTES!

Cinema e outras sublevacións cotiás

25 outubro 2018 – 16 maio 2019

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Lugar: salón de actos

Horario: XOVES, de 19.30 a 21.00

Docente: José Manuel López, coa colaboración de relatores convidados

Total número sesións: 23

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 15 de setembro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

RESUMO / PRESENTACIÓN

“Disidentes!”, así cualificaban os membros da Fronte Popular de Xudea aos da Fronte Xudaica Popular, e era tamén o berro que dirixían ao único membro da Unión Popular de Xudea, sentado unhas bancadas máis abaixo. Esta mítica escena de *A vida de Brian* (1979) dos Monty Python ilustra graficamente a etimoloxía do *dissidere*: o acto físico de “sentar á parte”, de “estar separado” e de aí, por extensión, a discrepancia, a resistencia e finalmente, quizais a sublevación.

A grande ironía deste visionario *sketch* dos Python é que a disidencia, como calquera outro xesto contracultural, nunca é unitaria ou sistemática e pode conducir á atomización. Ao contrario que o poder, o sistema ou a cultura, que tratan de perpetuarse ata o infinito, a espiral da disidencia tende, finalmente, a esgotarse en si mesma. Pero mentres tanto hai que arder, e arder belamente, pois, como deixou escrito Nietzsche, “Debes estar disposto a consumirte na túa propia chama” para seguir o camiño do creador e poder ser, finalmente, libre.

Neste curso trataremos de unir o xesto cinematográfico co xesto político, pero sen altofalantes nin consignas. Este ano celébranse os cincuenta anos da Revolución Francesa, pero non nos centraremos nesa idea de revolta colectiva que transforma a orde existente, senón nas íntimas insurreccións, nos pequenos xestos contestatarios, nas sublevacións en sordina duns corpos en guerra (non sempre) silenciosa: os privados de liberdade, os individualistas, os migrantes, os tolos, os malditos, os apátridas... Estes son os disidentes, os que sentan á parte; os que cantan o seu desencanto a quen o queira escoitar; os que se apartan e se esfuman, como o Wakefield de Nathaniel Hawthorne; os que se reclúen en si mesmos e no seu cuarto como o estudante de *Un home que dorme* de George Perec; ou os que prefiren dicir “non”, como o Bartleby de Herman Melville.

PROGRAMA

[Datos e títulos sesións abertos a posibles cambios]

DISIDENTES!

Cinema e outras sublevacións cotiás

25 outubro 2018 – 9 maio 2019

Sesión 1 (xoves 25 outubro)

Presentación

Eloxio do disentir, do apartarse, do desaparecer(se)

Sesión 2 (xoves 8 novembro)

“A guerra máis inútil e máis sanguenta: a guerra por ser eu”

El desencanto (Jaime Chávarri, 1976)

Sesión 3 (xoves 15 novembro)

Eu son un autárquico: a comedia disidente de Nanni Moretti

Sesión 4 (xoves 22 novembro)

O corrosivo-cotián e o cinema-sono

Arrebato (Iván Zulueta, 1979)

Sesión 5 (xoves 13 decembro)

Apátrida do universo

Wakefield (Robin Swicord, 2016)

Sesión 6 (xoves 20 decembro)

Melancolía da disidencia

Las armonías Werckmeister (Béla Tarr, 2000)

Sesión 7 (xoves 10 xaneiro)

Ao mediodía, os corpos non proxectan sombras

Solo ante el peligro (Fred Zinnemann, 1952)

Sesión 8 (xoves 17 xaneiro)

A nave dos tolos

Monos como Becky (Joaquim Jordá e Nuria Villazán, 1999)

Sesión 9 (xoves 24 xaneiro)

Vixiar e castigar

La evasión (Jacques Becker, 1960)

Sesión 10 (xoves 31 xaneiro)

O último home xusto

El último hurra (John Ford)

Sesión 11 (xoves 7 febreiro)
“Obedece, consume, confórmate”
¡Están vivos! (John Carpenter, 1988)

Sesión 12 (xoves 14 febreiro)

Relator convidado: Eloy Enciso

“O proxecto do filme Longa noite: disidencias literarias e cinematográficas”

Sesión 13 (xoves 21 febreiro)

Exiliada (de si mesma)

Sin techo ni ley (Agnès Varda, 1970)

Sesión 14 (xoves 28 febreiro)

“I’m against it”: os irmáns Marx contra todo

Sesión 15 (xoves 7 marzo)

Relator convidado: Alberto Gracia

“Sucumbir ao feitizo e, volver para contalo?”

Sesión 16 (xoves 14 marzo)

“Entón, camaradas, destruíamos esa imaxe”: iconoclastias de Luis Buñuel

Sesión 17 (xoves 21 marzo)

“Estou furioso e non penso aguantalo máis!”

Network (Sidney Lumet, 1976)

Sesión 18 (xoves 4 abril)

Las margaritas (Vera Chytilová, 1966)

Sesión 19 (xoves 11 abril)

Relatora convidada: Xisela Franco

“Disidencias do eu: entre o cinema e a vida”

Sesión 20 (xoves 25 abril)

A morte séntanos tan ben

Harold y Maude (Hal Ashby, 1971)

Sesión 21 (xoves 2 maio)

La rabbia (Pier Paolo Pasolini, Giovannino Guareschi, 1963)

Sesión 22 (xoves 9 maio)

Fóra da linguaxe, fóra do mundo

El enigma de Kaspar Hauser (Werner Herzog, 1974)

Sesión 23 (xoves 16 maio)

Cidadáns do Falso Mundo Real

HyperNormalisation (de Adam Curtis, 2016)